

galicia  
o bo camiño



Letras galegas 2019

# Antonio Fraguas, memoria dun soño

Viaxe a unha  
Galicia orgullosa  
de si mesma

FUNDACION  
Antonio Fraguas Fraguas

Xacobeo 2021

XUNTA  
DE GALICIA

# Universo Insuela




**Casa natal de Antonio Fraguas, en Insuela**

Para comprender unha das grandes biografías galegas do século XX temos que achegarnos a un sitio tan pequeno como decisivo: Insuela. Nesta aldea da parroquia de Loureiro, no que hoxe é o concello pontevedrés de Cerdedo-Cotobade, veu ao mundo o 28 de decembro de 1905 Antonio Fraguas. O neno nacía nunha casa labrega que sacaban diante dúas mulleres: a súa nai Teresa e Mamá Antonia, unha señora que, sen ser da familia, atopara refuxio naquel fogar, logo dunha vida de miserias. A decisión de acoller esta muller en apuros fala ben ás claras dunha casa aberta e solidaria.



**Igrexa parroquial de Loureiro, onde o bautizan como fillo de solteira**

*Eu nacín nun barrio que se chama Insuela... Era un lugar-ciño; era e é. Agora ten poucos veciños, pero tivo ata vinte. Estaba dividido en tres partes; eu pertencía ao Quinteiro de Abaixo, a nosa casaña tiña o número tres. Despois, os meus antepasados, sobre todo un meu avó, mercou unha casaña, despois outra e así tivemos as tres casas nunha (...) No barrio viviamos da agricultura e do gando. Había arredor de cen vacas. Agora non hai ningunha.*




Loureiro Cotobade

Naquela primeira andaina vital, Fraguas é un neno de aldea máis, que se cría coa cultura que lle transmiten os máis vellos aos máis novos, que xoga polas agras co resto de compañeiros, que participa nos traballos comunais e que acode á escola que hai na parroquia. A súa, sen chegar a rica, era unha casa con fincas e gando de seu. El mesmo sinalaría que grazas ao traballo das dúas mulleres do fogar e ás remesas de diñeiro que lograba enviar cada certo tempo o pai dende América, nunca faltou un prato de comida.

En 1905, ano no que naceu Fraguas, a esperanza de vida non chegaba aos 40 anos


Entre 1911 e 1920 emigraron a América máis de 229 000 galegos. O perfil dos que deixan o país nesa década é o dun varón menor de 23 anos

A principios do século XX a poboación urbana apenas representa o 10 % do censo galego



**Acta de matrimonio dos pais de Fraguas**

*Grazas a miña nai eu aprendín a ler. Miña nai mercou un silabario e foime ensinando no silabario. Recordo sempre que a letra que non me quedaba era o d. E na casa estaba con nós unha señoríña que eu chamo sempre "mamá Antonia" (que veu para a nosa casa porque ela vivía en Mondariz, morreulle o home e os familiares tratábana mal). Como a min non me entraba o d, dixome: "Acórdate polo dedo, home!". Ditoso dito, non me esqueceu máis o d. De modo que, por este medio didáctico de aprendizaxe... pois algunha vez useino pensando por esto.*



**Documento que rexistra o nacemento de Fraguas**



**Con apenas dous anos anos, acompañado de súa nai e de seus tíos**



# Pontevedra, o primeiro agromar galeguista

Antonio Fraguas aprobou en xuño de 1919 o exame de ingreso no Instituto de Pontevedra, mais non será ata o curso 1920/21 cando se matricule como alumno oficial. Son tempos nos que a familia turra todo o que pode pola economía doméstica: a nai atende as terras e o gando e o pai alterna eses mesmos labores co oficio de canteiro. Con ese esforzo e con algúns aforros da etapa brasileira, conseguen costear a estancia do fillo na cidade do Lérez.

A Pontevedra de 1920, cos seus 27 000 habitantes, era un crisol de contrastes para un rapaz que nunca vivira fóra da súa aldea.

En 1920 o 82,8 % da poboación activa galega traballaba no sector primario (agrícola, gandeiro e pesca), un 7,3 % na industria e un 9,9 % no sector de servizos

A principios da década dos vinte, as tres cidades galegas máis poboadas eran:  
A Coruña (62 000 habitantes),  
Vigo (53 000) e Ferrol (31 000)



Con compañeiros do Instituto de Pontevedra. 1922

É un alumno que destaca polas súas boas notas. No centro no que cursa o bacharelato ten, entre outros, a profesores como Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Ramón Sobrino Buhigas e Antón Losada Diéguez, que sería decisivo na súa futura vocación docente. Pero como eran aqueles días no ensino secundario?

*As clases daban comezo ás nove e media e remataban á unha da tarde. Había tres clases diarias de unha hora de duración e un cuarto de hora de descanso entre cada unha. Para saír daban a hora os porteiros e para entrar tocaba o conserxe unha campá. A distribución das clases permitía uns impresionantes partidos de pelota nos que tomaban parte un gran número de alumnos, sen bandos de curso, nin equipos, nin porterías. O fundamental era darlle patadas á pelota, que tanto podía ser verdadeira pelota de goma ou trapo como unha laranxa verde e pequena.*



Antón Losada Diéguez

En Pontevedra, por influxo de compañeiros e profesores, mais tamén por consciencia propia, Fraguas comeza a achegarse ao galeguismo. A primeira das causas é a de dignificar o seu idioma materno. Por iso, canda outros alumnos funda en 1924 a Sociedade da Lingua, sen saber que desde o ano anterior xa estaba en marcha en Compostela o Seminario de Estudos Galegos.

*Tiñamos como temas de estudo facer un Dicionario Galego, estudar os brasóns pontevedreses e facer unha análise das repoboacións forestais feitas polos veciños das parroquias e lugares campestres de Galicia... Foi Losada Diéguez, que ao saber das nosas inquietudes nos alentou a traballar e díxonos que había que recoller lendas, cantigas, contos e todo canto tivera que ver coa Historia de Galicia e a súa cultura.*

Neses tempos preuniversitarios, aínda que non forma parte de ningunha organización, Fraguas mostra certo interese polo decorrer político do país. Asiste a conferencias de Valentín Paz-Andrade e de Lerroux, simpatiza co movemento agrarista e con figuras como Portela Valladares ou Núñez de Couto.



Fraguas caracterizado como o "aldeán" que sempre se gabou de ser

Fraguas é moi consciente da súa orixe e non renuncia a ela. Todo o contrario:

*Desde que entrei no instituto eu non deixei de ser "o da aldea". Houbo momentos en que presumía de que era "o da aldea".*



Alfonso D. Rodríguez Castelao

Instituto General y Técnico de Pontevedra	
EXTRACTO del Expediente Académico de Antonio Fraguas Fraguas natural de Pontevedra provincia de Pontevedra años de edad 17 y 18 en el curso de ingreso en el Instituto General y Técnico de Pontevedra el día 15 de Junio de 1919.	
Asignatura del Bachillerato	Calificación
Lengua castellana	APROBADO
Geografía general y de Europa	APROBADO
Historia general y de España	APROBADO
Latín y Griego	APROBADO
Matemáticas elementales	APROBADO
Matemáticas superiores	APROBADO
Algebra	APROBADO
Geometría	APROBADO
Química	APROBADO
Física	APROBADO
Historia natural	APROBADO
Química general	APROBADO

APROBACIÓN DE LOS EJERCICIOS DEL GRADO DE BACHILLER

Verificado el PRIMER EJERCICIO el día de 19 de 19 en la calificación de

Verificado el SEGUNDO EJERCICIO el día de 19 de 19 en la calificación de

CERTIFICADO la exactitud de estos datos, confiamos con los documentos originales que obran en la Secretaría de este cuerpo.

Pontevedra, de 19 de 19

El Director,

Copia do expediente académico

# Docencia e compromiso

Logo da experiencia como profesor axudante, na universidade e no instituto, Antonio Fraguas tiña moi claro que quería vivir da profesión que o apaixonaba: a docencia. Para iso, prepara unhas oposicións ao ensino secundario que aprobará finalmente no ano 1933.

O primeiro destino é o Instituto da Estrada, vila á que se traslada a vivir coa súa muller Teresa.

Con 282 quilómetros cadrados, A Estrada é o noveno concello máis extenso de Galicia. Na época na que Antonio Fraguas residiu na Estrada (1933-1936), o municipio contaba con algo máis de 26 000 veciños no seu censo

Fraguas, ao igual que aquel mestre de Famelga tan decisivo na súa vida, é un docente que se implica na formación do alumnado, incluso máis aló do horario lectivo.



Acompañado de docentes do instituto da Estrada. 1935


Por diante veñen tres anos de frenético activismo docente, cultural e político. Para Fraguas, a cultura era un ben colectivo e todas as persoas tiñan o dereito de acceder a ela. Alén de dar clases de Xeografía e Historia no instituto, tamén se converteu nun dos principais dinamizadores da vida cultural estradense. Organiza conferencias e excursións a lugares de interese da comarca. Pon en marcha unha biblioteca, un laboratorio e un pequeno museo histórico-natural.



Excursión con alumnos estradenses

As terras da bisbarra de Tabeirós están ategadas de restos prehistóricos. Fraguas percorre o contorno próximo acompañado do seu alumnado, aproveitando mesmo fins de semana ou durante o verán.

(...) que os veciños da Estrada, e sobre todo os pais de familia perciban o enorme sacrificio que fan os profesores do noso colexio, xa que non contan con máis material pedagóxico que o que subministra o seu entusiasmo (Faro de Vigo, 31 de maio de 1934).



Derradeira referencia académica da participación de Fraguas no Seminario de Estudos Galegos

Na Estrada tamén entra de cheo na vida política. Ao pouco da súa chegada é elixido secretario do Partido Galeguista no municipio. A gran batalla será a campaña a prol do Estatuto de Autonomía de 1936. De cara ao referendo do 28 de xuño, Fraguas percorrerá o concello estradense con moitas das principais figuras do galeguismo político (Bóveda, Castelao, Alonso Ríos...). O voto favorable á autonomía política, maioritario en toda Galicia, foi especialmente acentuado no concello da Estrada. Porén, debido ao golpe militar do 18 de xullo, o ansiado soño non chegará a materializarse.



Sobremesa con compañeiros docentes logo dun xantar campestre

Fundado en decembro de 1931, o Partido Galeguista tivo un crecemento sostído ao longo dos anos seguintes, pasando dos 700 afiliados fundacionais aos máis de 4000 cos que contaba en xullo de 1936



Fraguas promoveu un xornal local que desapareceu ao pouco polo golpe de estado

# O destino non estaba escrito

Antonio Fraguas aprendeu as primeiras letras na escola da súa parroquia. O mestre, casado cunha súa tía, recorría con frecuencia aos castigos físicos.


*Aos cinco anos comecei a ir á escola á que fun oito anos e non aprendín nada. Case todos os días nos castigaban, sen razón de ningunha clase mallaba en nós de tal xeito que tiñamos os brazos cheos de negróns.*

O seguinte mestre que tivo Fraguas foi o crego da parroquia, mais o neno axiña rematou sendo expulsado por non prestar atención. Con trece anos todo semellaba escrito. O pai quería volver para Niteroi (Brasil) coa familia e converter o fillo en maquinista de tren, tal e como xa era un curmán seu.

Os guionistas de cine chámanlle punto de xiro a ese momento no que a historia varía e se desvía por uns camiños que non eran os agardados. O punto de xiro na vida de Antonio Fraguas foi outro Antonio: o mestre de Famelga. Un domingo, á saída da misa, o rapaz escoitouo falar e pediulles aos pais que lle deixasen ser alumno seu. Aceptaron mandalo uns meses e aí comezou todo.



Pupitres e material escolar habitual da primeira metade do século XX



Elementos escolares depositados no Museo do Pobo Galego

Nuns tempos nos que estudar era un luxo ao alcance das familias máis acomodadas, a de Fraguas decidiu facer un esforzo enorme para que o fillo proseguise a súa andaina académica no instituto de Pontevedra. Como veremos, o rapaz non estaba disposto a desperdiciar a oportunidade.



Brinquedos escolares da época

*Recordo que miña nai estaba sentadiña así, ao pé da porta; eu estábame vestindo. E chegou:*

*Nai: que che quería don Antonio?*

*Pai: Que o rapaz vale para estudar e que se lle debía dar unha carreiriña.*

*Nai: Ai, pois si!*

*Pai: Alá vós.*

*Nai: Ti dille a don Antonio que se vale para estudar, que si.*

Contra o ano 1910 arredor do 60 % da poboación galega non sabía ler nin escribir (no caso das mulleres a cifra chegaba ao 75 %)

En 1911 o goberno aprobou fixar un soldo mínimo de 1000 pesetas ao ano para os mestres públicos. Aínda que a suba con respecto aos salarios anteriores era considerable, seguían a cobrar notablemente menos que a media dos demais funcionarios.

No primeiro cuarto do século XX, numerosos mozos de Cotobade emigraron a terras brasileiras. No libro *Aportacións ó cancionero de Cotobade*, Fraguas deixou recollida esta cantiga popular: Hei de ir ao Brasil / aínda que non gañe diñeiro / porque despois digan as mozas / velaí vén o brasileiro



Carballeira e núcleo de Famelga


*O mestre de Famelga sempre atopaba a maneira de estimular a nosa curiosidade. Mentres outros profesores se limitaban a soltar a restra de ríos e cordilleiras que conforman a nosa xeografía, don Antonio explicábanos por que se forman as serras, por que unhas son máis aguzadas e outras teñen contornas máis suaves, por que os ríos son vigorosos no seu curso alto e se van sosegando conforme se achegan á desembocadura (...)*

Antonio Fraguas converteuse nun dos alumnos máis destacados daquela escola e o mestre mandoulle un recado claro á familia: o rapaz era brillante. Conviña que proseguise os seus estudos. Aquela mensaxe mudou todos os plans. Segundo contaría moitos anos despois o propio Fraguas, a súa nai foi a primeira en apoiar o consello do mestre.

# Medo e reconstrucción

O golpe de Estado e a inmediata Guerra Civil sorprenden a Antonio Fraguas de vacacións na súa parroquia natal. Ata alí chegan as noticias da represión e, coma tantos outros, teme pola súa vida.

O primeiro destino despois de volver aprobar as oposicións en 1950 é Lugo



1950 será un ano decisivo, despois de case catorce anos de vetos, volve aprobar as oposicións para profesor de instituto. O primeiro destino é Lugo, cidade na que permanece ata que en 1959 regresa como docente a Santiago, onde se xubilará en 1976. Nesa década dos cincuenta, Antonio Fraguas é xa un referente do galeguismo interior, un intelectual recoñecido que, pese a todos os atrancos, segue mantendo o compromiso con Galicia. Así, o 12 de febreiro de 1951 é elixido membro numerario da Real Academia Galega -a proposta do seu veciño Salustiano Portela Pazos, de Otero Pedrayo e de Luís Iglesias- para ocupar a cadeira de Castelao. No acto de ingreso, que terá lugar cinco anos máis tarde, Fraguas dedicará boa parte da súa intervención a reivindicar o seu predecesor, morto no exilio. Sen dúbida, aquel xesto tamén era unha homenaxe a unha xeración e a unha idea de país que ficara esgazada.

En setembro volve á Estrada para poder realizar os exames, pero axiña comprende que o tamén está marcado e que é persoa non grata para as novas autoridades. Obríganlo a beber aceite de ricino, a borrar pintadas autonomistas e a desfilar polas rúas estradenses cantando himnos falanxistas. Mais o peor dos castigos é o laboral. En novembro de 1936 o Boletín Oficial do Estado publica a súa expulsión da docencia.

*Fora cando me suspenderan a min na segunda oposición, cando estaba discutindo o segundo posto. E chegou unha denuncia de que era comunista perigoso, e, no acto, suspendéronme. E díxome o director do Instituto San Isidro: A usted le ha hundi-do la política. El tribunal le res-peta muchísimo, tiene a usted en gran consideración, pero la política no lo dejó ser catedrático de instituto. (Conversas con González Reboredo. 1997).*



Cartel a prol do Estatuto, do deseñador Díaz Baliño. 1936



Fraguas, nunha foto co plenario da Real Academia Galega

*Quizais fose mellor deixar vacante o seu posto (o de Castelao) deica que outro artista coma el ou Rosalía, as dúas representacións de Galicia máis sinceras e acabadas, viñera a ocupar esta cadeira (...) Veño para o sitio dun home cun nome que leva unha proxección universal de sincera grandeza e popularidade.*



Fraguas nunha xuntanza con integrantes do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos

Lonxe de caer no desánimo, e pese a todos os atrancos, Fraguas segue a traballar pola cultura galega coas escasas ferramentas que ten á man. En 1943 nace o Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos, que, baixo o férreo control do novo réxime, prosegue en certa maneira o labor iniciado polo Seminario de Estudos Galegos. Fraguas estará aí, primeiro catalogando libros e máis tarde dirixindo, canda o seu amigo Xaquín Lorenzo, Xocas, a sección de Etnografía e Folclore.




Documento sobre Fraguas elaborado por Falange

Apartado do ensino público, Fraguas regresa a Santiago de Compostela para gañar a vida como profesor en academias privadas. A capital de Galicia nada ten que ver coa que deixou en 1933. Non queda nada dos vellos soños galeguistas, nin organizacións políticas, nin institucións culturais tan simbólicas como o Seminario de Estudos Galegos.

O profesorado foi o corpo de funcionarios máis represaliado na Guerra Civil e nos primeiros anos da ditadura. Algunhas fontes cifran en 60 000 os mestres depurados polo novo réxime.

# Santiago, a cidade no corazón



Retrato de Fraguas tirado en 1925

Antonio Fraguas chega a Santiago de Compostela para estudar Filosofía e Letras no curso 1924-25. Seu pai, que o fora matricular á universidade, díxolle ao chegar á casa:

*Santiago éche de pedra moi mallada. Para te orientar fixate na catedral que está no medio, por alí ándache don Salustiano Portela Pazos (côengo e deán da catedral de Santiago, era tamén veciño de Cotobade).*

Antonio Fraguas non se perdeu en Santiago. Todo o contrario, desde o primeiro momento fixo súa unha cidade que sería fundamental na súa vida e da que acabou sendo fillo adoptivo.



Coa súa muller, Teresa Martínez, e unhas sobriñas

Entre 1920 e 1930,  
Santiago de Compostela  
experimentou un forte  
crecemento urbanístico.  
A cidade pasa  
de apenas 26 000 a 38 000  
veciños nesa década

Cando remata a carreira en 1928, segue vinculado á universidade como profesor axudante, labor que compaxina coa docencia nun instituto da cidade (o que hoxe leva o nome de Arcebispo Xelmírez I). Volve moitas fins de semanas e no verán á súa Insuela natal, pero Compostela é xa a súa cidade de referencia e alí tamén ten tempo para encontrar o grande amor da súa vida.

Fraguas quedou namorado de Teresa Martínez Magariños dende a primeira vez que a viu no café Español, na rúa do Vilar. Ás furtadelas, seguíuna ata a súa casa, que estaba a carón da igrexa do Pilar. Axiña comezaría un noivado que remataría en voda. A cerimonia relixiosa tivo lugar en Valga, de onde ela era orixinaria. O matrimonio non tivo descendencia.



Foi un dos pioneiros á hora de utilizar o galego na radio. Na foto, en Radio Galicia, con Xosé Mosquera, *O vello dos contos*

Fraguas convértese en colaborador de xornais e de revistas (*A Nosa Terra* e *Nós*). Tamén fai incursións no mundo da radio. É un dos pioneiros á hora de usar a nosa lingua neste medio de comunicación (1933). A través das ondas, recita poemas, pero tamén fala de etnografía ou mesmo de temas de actualidade.

CURSOS	ASIGNATURAS	NOTAS	COMENTARIOS
1924-1925	Historia Universal, Filosofía, Literatura, etc.	...	...
1925-1926	...	...	...
1926-1927	...	...	...
1927-1928	...	...	...

Fraguas foi un universitario brillante

No curso 1924/25 a Universidade de Santiago de Compostela, a única de Galicia, contaba con pouco máis dun milleiro de alumnos matriculados



Con membros do Seminario de Estudos Galegos

Na facultade tivo profesores tan ilustres coma Ciriaco Pérez Bustamante, Ramón Gallego García, Isidro Parga Pondal ou Cotarelo Valledor, pero tamén compañeiros cos que mantería amizade durante toda a vida. É o caso de Sebastián González García-Paz, co que xa fundara en Pontevedra a Sociedade da Lingua, e tamén o do ourensán Xaquín Lorenzo Fernández, Xocas, co que ao longo das sucesivas décadas compartiría tantas empresas culturais.

Pero, sobre todo, esta época universitaria sèrvelle a Fraguas para ter contacto directo coa elite do galeguismo (Bouza Brey, Lois Tobío, Filgueira Valverde, Otero Pedrayo, Risco, Cuevillas...), que orbitaba arredor do Seminario de Estudos Galegos, unha das institucións científicas e culturais máis importantes da nosa historia e da que el será activo membro. O seu querido profesor Losada Diéguez será quen o convida a formar parte deste proxecto desde as seccións de Xeografía, Etnografía e Prehistoria. Na súa etapa compostelá, afiliouse tamén ás Irmandades da Fala.



Home comprometido coa cultura galega, o seu nome comeza a ser coñecido nos círculos intelectuais do galeguismo, mais hai unha materia pendente: a estabilidade laboral.

# Fraguas, a paixón polo coñecemento

Ao chegar a Pontevedra para cursar os estudos secundarios, Antonio Fraguas inaugura a súa biblioteca particular con dous libros: *Compendio de Geografía Especial de España* e *Compendio de Geografía General y de Europa*, ambos de José Bañares. Esa paixón lectora continuará ao longo de toda a vida. Abonde dicir que poucos anos antes da súa morte doou preto de 14 000 libros e revistas ao Museo do Pobo Galego.

## Xeógrafo

En 1953, Fraguas publicou *Geografía de Galicia*, unha obra aínda hoxe de referencia para calquera que queira achegarse ás características da nosa terra: orografía, clima, xeoloxía, paisaxe, división administrativa do territorio, arquitectura popular...



Biblioteca particular de Fraguas na Fundación Antonio Fraguas Fraguas

A súa ansia de saber converteuno nun dos grandes polígrafos galegos do século XX. Na procura de comprender e tamén explicar Galicia, Fraguas escribiu sobre etnografía, antropoloxía, arqueoloxía, historia, arte, xeografía, toponimia...



Constitución da Asociación do Traxe Galego

## Divulgador e difusor


Participou na organización de múltiples exposicións, tanto na etapa como membro do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos como posteriormente no Museo do Pobo Galego. Dentro deste apartado cómpre lembrar o seu traballo como difusor do noso patrimonio turístico (publicou guías das cidades de Santiago e Lugo) e como biógrafo (Iglesia Alvariño, Celso Emilio Ferreiro, Manuel Murguía, Domingo Fontán, Isidro Parga Pondal...)

## Antropólogo e etnógrafo

Sen dúbida, Fraguas é un dos grandes nomes da antropoloxía e da etnografía galega. Analiza todo tipo de expresións populares: o Entroido, as vendimas, os magostos, os fiadeiros, as lendas, os contos, as cántigas, os refráns, o traxe galego, a medicina tradicional, os oficios, as festas, a natureza... Ademais de obras de referencia como *La Galicia insólita*, *Tradiciones gallegas*, *El traje gallego* ou *Aportacions ó cancionero de Cotobade*, os seus traballos apareceron en dúcias de revistas especializadas, tanto galegas como foráneas.




Fraguas nunha expedición co Seminario de Estudos Galegos nas Terras do Deza e apuntamentos de "foxos de lobo" en Cotobade



## Arqueólogo

Desde a época de estudante universitario, colaborou co Seminario de Estudos en labores de prospección arqueolóxica. Catalogou os castros de Lalín e do Incio, mámoas no Saviñao e, sendo xa profesor na Estrada, saía co seu alumnado identificar e dar a coñecer o patrimonio espallado pola comarca. Como curiosidade, cómpre dicir que tamén era membro da Associação de Arqueólogos de Portugal.



## Historiador

A súa tese de doutoramento versou sobre o Colexio de Fonseca, xermolo da Universidade de Santiago. Mais ao longo da súa extensa obra achegouse a outros episodios do noso pasado: a viaxe a Galicia dos Reis Católicos, a figura histórica e lendaria de Pedro Madruga, os arquivos catastrais ou a importancia das antigas feiras. Tamén dedicou tempo a escribir textos que encadramos na historia da arte.

## Articlista e conferenciante

Fraguas tiña claro que a cultura galega necesitaba ser difundida. Por iso, desde moi novo e ata os últimos anos da súa vida deu múltiples conferencias e colaborou con diferentes xornais. Velaí os centos de artigos en medios como *El Pueblo Gallego*, *A Nosa Terra*, *El Correo Gallego*, *La Voz de Galicia*...

## Narrador

Na súa inxente obra escrita, a ficción ten un papel máis que secundario. Aínda así, Fraguas deixou algunhas pinceladas do seu pulso literario con relatos como *O conto do Serafín* ou *O santuario da Franqueira*.

# A cultura popular

Antonio Fraguas é un dos grandes intelectuais do seu tempo, un home que orientou todo o seu saber e esforzo á causa de Galicia e da súa cultura. Todo o que nos singulariza como país foi obxecto preferente do seu estudo. Como se fose notario dun mundo que se esfarea, Fraguas traballa para deixar documentadas as nosas manifestacións e tradicións culturais. El sabía que, por mor dos profundos cambios socioeconómicos que se estaban a producir nese século XX, moito dese saber milenario corría o risco de esmorecer sen testemuñas.

*Viva, viva quen me axuda,  
viva quen me está axudando,  
vivan os señores todos  
que me están acompañando*

Cantiga popular coa que Fraguas  
pechou o seu discurso de ingreso  
na Real Academia Galega.  
1956



Fraguas nunha mostra sobre o Entroido



**O entroido nas terras do Sul de Cotobade**

Iste estudo en col do entroido, que adicamos ó noso Seminario de Estudos Galegos, comprende somente a parte sul das terras de Cotobade, as freguesías de Augasantas, Valongo, Loureiro, Rebordelo, Carballido, Caroy, Carroreira, Iborea e Almofrey, na intelixencia de que no val do Lérez foron arrecadadas polo noso amigo o gran folclorista Xosé Núñez Búa.

Nas devanditas freguesías hai unha certa uniformidade con respecto ás manifestacións do entroido. N'outras formas da vida humana desenrolan o seu dinamismo independentemente unhas das outras, e aíguí sucede o contrario os autos son en todas semellantes. N'algúns van desaparecendo moitas notas propias d'istes días de lelicia, pero queda linda en todas elas, o que ten un aire típico, tradicional e que mostra maior interese pra etnografía.

En toda esta parte a que facemos referencia as manifestacións do carnaval revélense fora e dentro da casa. Paredes pra dentro andan os potes e cazollos mais engrasados que de costume, o fogar é grande como se fora día do patrón, están as familias xuntas, e lembranse dos que se atopan lonxe, en terras de fora. Brindan os vellos desexando que pra outro ano se celebre a festa con lelicia e paz na compañía de quen Deus quixer; istas verbos escóitanse caladidamente; a emoción calma o barullo por un instante.

Fora da casa a mocidade procura os atafegos pra poder saír de troula, levaa os fañoles debaixo do brazo, e unha padeira de miñosa na man. As rapazas van ledas mostrando unha sorrisa de satisfacción; a liberdade que lle concede a careta dalle forzas pra coller do brazo os rapaces mais cobizos, oxe beilarán á súa vontade con aquel que a súa maxinación puxo tantas veces a seu corazón. Os mozos farán das suás, os rapaces correrán tras eles insultando nas ladeiras dos camiños, e os vellos laian pola saúde da mocidade, considerando o que eles fixeron nos seus tempos.

\* Toda composición do entroido n'istas terras recibe o nome de *momada*, *entroidos* ou *maraguitos*, empregando indifrentemente calquer d'istas tres nomes. O nome de entroido emprégase como sinónimo de goloso, lambón, en xeral cousa que come moito. Así cando algún animal come a froi da herba e torna moi cheo pra casa ouvimos un dito d'iste xeito: *anda que hoxe entroidache!* O mesmo cando ollan morto algún ser malino diñlle: *íste entroidado, non fai mais mal.* Tamén queda na choia ben fixa, a fatura do entroido, en recordo ó moito que se come aqueles días. De vez en cando ó rematar unha persoa de cenar despois d'espreguizarse, fala meo entre dentes: *Vaya Día! pague von farto con un chúncho cenai como si fora martes d'entroido.*

O entroido non dura mais que dende sábado deica martes, moi rara vez se deu o caso de haber momadas o domingo de piñata. O martes d'entroido fina o serán e non hai mais festa deica domingo de piñata; a causa de non haber festas e o medo que teñen as rapazas de que o crego da parroquia lle bote o carneiro ou o burro cando vaian á doutrina pola coresma.

AS COMIDAS

O entroido ten a súa comida especial, en todas as casas hai fatura i-en todas se roga

Primeiro traballo etnográfico publicado en 1930

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

**APORTACIÓNS  
Ó CANCIONEIRO  
DE COTOBADE**

Publicacións da Fundación  
Otero Pedrayo

Aportacións ó cancionero de Cotobade

**A literatura popular.** Moi consciente da importancia de recoller esa literatura que se transmitía de pais a fillos, Fraguas transcribiu centos de cantigas populares, refráns, contos... Velaí unha obra inescusable como é *Aportacións ó cancionero de Cotobade* (1985), onde recolle as cantigas da súa terra natal. Pero tamén estudará moitas expresións do enxeño popular como as regueifas ou as farsas de entroido.





Figura de pan de Santo André de Teixido

**As festas e as romarías.** Estudou a fondo as celebracións tradicionais: os fiadeiros, os magostos, o San Xoán, as esfollas, as mallas, as vodas... Cómpre destacar traballos tan relevantes como *A festa popular en Galicia* (1995), onde analiza a relación entre os labores tradicionais e as celebracións. Outro libro de referencia é *Romarías e santuarios* (1988), que describe as festas relixiosas, onde se mestura crenza e celebración vital.



Amuletos

**Galicia máxica.** Como sobresáinte antropólogo que foi, Fraguas preocupouse das crenzas que conforman o universo máis simbólico dos galegos: o culto aos mortos, as lendas, os ritos pagáns, a Santa Compañía ou as reencarnacións.




Medicina tradicional e crenza

# Un museo para a alma de Galicia

Unha das vellas arelas do galeguismo era a creación dun museo de Galicia. Na época do Seminario de Estudos Galegos houbera un intento serio cunha exposición etnográfica permanente dirixida por Xaquín Lorenzo, Xocas, proxecto no que tamén colaboraba o propio Fraguas. A Guerra Civil rematou cun soño que tardaría corenta anos en volverse facer realidade.

En xaneiro de 1976, dous meses despois da morte do xeneral Franco, por iniciativa do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, constituíuse o padroado encargado de crear o Museo do Pobo Galego. Os promotores contaron desde o primeiro momento con Xocas e con Fraguas, que naquela altura dirixía o Museo Municipal de Santiago.



Convento de San Domingos de Bonaval. Escaleira helicoidal

O traballo comezou axiña. Despois de lograr a cesión do convento de San Domingos de Bonaval, en outubro de 1977, e aínda en obras, inaugúranse as primeiras salas do museo, dedicadas á cestería, á olería e aos tecidos. Os dous vellos amigos e insignes galeguistas, Xaquín Lorenzo e Antonio Fraguas, ocupan, respectivamente, a presidencia e a dirección do museo.



Padroado do Museo do Pobo Galego no día da súa fundación

De todos os proxectos nos que se embarcou ao longo da súa vida, do que estaba máis orgulloso era do que deu como resultado a creación do Museo do Pobo Galego. Para el, este espazo servía para mostrar a esencia de Galicia como comunidade de seu, construída ao longo de toda a nosa historia.

Para Fraguas, esta institución era a súa casa, e os traballadores unha segunda familia.

En 2018 o Museo do Pobo Galego recibiu máis de 50 000 visitantes

O museo conta cunha biblioteca con máis de 100 000 títulos. A isto súmase un amplo arquivo documental e gráfico



Co seu vello amigo Xaquín Lorenzo, Xocas

Fraguas entregábase en corpo e alma a un cargo que desenvolverá ata a súa morte, sen ningún tipo de remuneración económica. Canda o resto de membros do padroado, traballa incansablemente para lograr fondos que permitan ampliar a exposición e contratar persoal propio. Grazas a ese esforzo colectivo, ao longo dos seguintes anos ábrese novas salas permanentes dedicadas ao mundo do mar, aos oficios, ao campo, á música, ao traxe, á arquitectura e ao territorio, á sociedade, á prensa e á imprenta. Tamén hai espazos para a arqueoloxía e a arte. O criterio da montaxe é ofrecerlle aos visitantes unha visión panorámica das diferentes facetas que definen a cultura de Galicia.

Aquel vello soño do galeguismo é hoxe un dos principais museos do país. Para Antonio Fraguas este foi un dos seus grandes proxectos vitais. Sabía que o Museo do Pobo Galego era a memoria viva da cultura popular galega, dunha estirpe á que el mesmo pertencía. Por iso, ademais de doar toda a súa biblioteca a esta institución, Fraguas tamén entregou obxectos persoais de grandísimo valor sentimental, entre eles as ferramentas de canteiro que usara para traballar seu pai, o candil co que se alumaba nos tempos de estudante e tamén o inconfundible bastón que utilizou nos seus últimos anos de vida.



Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas



Nunha das festas anuais que facía cos traballadores e traballadoras no día do seu aniversario

Meses antes do seu pasamento, desde o propio Museo do Pobo Galego, co obxectivo de manter viva a súa obra, impúlsase a Fundación Antonio Fraguas Fraguas. Cada ano, desde 2003, esta fundación convoca o Proxecto Didáctico Antonio Fraguas, un premio pensado para que a comunidade escolar galega investigue arredor do patrimonio etnográfico, antropolóxico, lingüístico, xeográfico, histórico e artístico da súa zona. Unha magnífica maneira de conxugar dúas das grandes paixóns de Fraguas: o ensino e a difusión da cultura galega.

# Ás veces, os soños cúmprense

Despois da longa noite de pedra, os raios de luz entran coa chamada transición democrática e, sobre todo, coa aprobación da Constitución española en 1978. Ábrese unha nova etapa de liberdades plenas que posibilitan a aprobación, na primavera de 1981, do noso Estatuto de Autonomía. Antonio Fraguas, que xa camiña cara aos 76 anos, comproba como se fai realidade o vello soño do autogoberno de Galicia.

Coa mesma vitalidade que a aquel mozo que percorrera aldeas e vilas pedindo o voto a prol do Estatuto en 1936, Fraguas contribuíu á consolidación do novo tempo político. En 1983 créase o Consello da Cultura Galega como órgano consultivo do Goberno e el estará nel coordinando a área de Antropoloxía Cultural.



Imposición da insignia de ouro da Universidade de Santiago de Compostela. 1995

Son anos dun gran recoñecemento social. Numerosas entidades queren contar coa súa experiencia. Así entra, entre outras, nas directivas da Fundación Otero Pedrayo, do Padroado Rosalía de Castro, da Fundación Castelao, da Fundación Alexandre Bóveda ou da Real Sociedad de Amigos del País. Tamén participa activamente da vida da Real Academia Galega, da que incluso é presidente en funcións durante uns meses no ano 1977.



Inauguración da avenida santiaguesa que leva o seu nome

As homenaxes son constantes. En 1984 noméano Fillo Predilecto de Cotobade, Fillo Adoptivo de Santiago e recibe tamén a Medalla Castelao e o Pedrón de Ouro. Canda estes tributos, chegan outros: rúas, centros educativos co seu nome... Unha das alegrías máis grandes da súa vida ten unha data: 1992. Nese ano, o Goberno galego nomeouno cronista oficial de Galicia. Tres anos máis tarde, a Xunta de Galicia tamén lle concedería o Premio das Artes e das Letras.



Acordo de nomeamento de cronista oficial de Galicia. 1992

Antonio Fraguas finou o 5 de novembro de 1999, en Santiago de Compostela, tres anos despois do pasamento da súa inseparable e amada Teresa Martínez Magariños. O velorio do insigne galeguista tivo lugar no Museo do Pobo Galego e o seu corpo repousa nun lugar destacado do cemiterio santiagués de Boisaca a carón de Aurelio Aguirre, Valle-Inclán e Díaz Pardo. Galicia despedía un século que sería radicalmente distinto sen o compromiso e dignidade de homes coma Antonio Fraguas.



Recibimento no Museo do Pobo aos Reis de España

Fraguas foi un dos últimos símbolos do galeguismo histórico, unha xeración que tivo que percorrer un século turbulento coma poucos. Nunca renunciou ao seu soño de vivir nun país orgulloso de si mesmo, integrador e aberto a todos. Esa mesma Galicia que transitaba polos camiños da autonomía e da democracia brindoulle nos últimos anos un agarimo unánime. El correspondeu como mellor sabía: apoiando novos proxectos culturais, escribindo artigos e traballando por e para Galicia ata o último momento.



Despedida de Fraguas en Bonaval. 1999



Antonio Fraguas, un dos grandes intelectuais galegos do século XX, un home que traballou por e para Galicia cunha humildade que emociona: *Non debera ser eu o destinado que son home de poucas letras e a quen o arte lle foxe como foxe o vento que canta nas ripas dunha cancela* (discurso de ingreso na Real Academia Galega. 1956)



Exposición promovida pola Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia  
Fotografías cedidas pola familia do autor e pola Fundación Antonio Fraguas Fraguas  
Citas extraídas de fontes do Museo do Pobo e de GONZÁLEZ REBOREDO,  
X. M. : “Notas dunha conversa con Antonio Fraguas”, Revista Galega do Ensino, 17, nov., 1997.